



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 10.10.2018**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 10.10.2018

**HORA DE COMEZO:** 13:05 h.

**HORA DE REMATE:** 13:45 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Xulio Calviño Rodríguez

D. Javier Garrido Valenzuela

D<sup>a</sup>. Natalia Zunzunegui Garrido

D. José María Martín Moreno (asiste como invitado)

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

D<sup>a</sup>. Ana Isabel Vázquez Reboredo

**NON ASISTEN**

D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores día 10 de outubro de 2018, ás 13:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.06.2018).
- 2.** Informe do Presidente.
- 3.** Evolución da expedición de títulos oficiais da Universidade de Vigo. Situación e perspectivas en setembro de 2018.
- 4.** Informe que proceda sobre a proposta de modificación do título de Máster en "Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións".
- 5.** Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
  - II Curso complementario en "Deseño de aplicacións para dirección de operacións con Office Access"
  - XVI Curso de formación en "Introdución á bolsa"
  - I Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"
  - I Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"
  - V Curso complementario en "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"
  - III Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"
- 6.** Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
  - I Curso de formación en "Industria conectada 4.0: Transformación dixital e novos modelos produtivos para a fábrica do futuro"
  - I Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"
  - I Curso de formación en "Modeling dynamics of populations in a changing world"
  - V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
- 7.** Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
  - a) Con aprobación previa do Presidente:
    - VI Curso complementario en "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito"
    - IV Curso complementario en "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"
    - XVII Curso complementario en "Iniciación ao Autocad"
    - VI Curso complementario en "Nivel medio de Autocad"
    - II Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"
    - IV Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
    - I Curso de formación en "Advanced trading"
- 8.** Aprobación, se procede, das tarifas dos servizos deportivos da Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.
- 9.** Acordo que proceda sobre a concesión de complementos a profesores como recoñecemento polos cargos de xestión (convocatoria 2017), consonte avaliación positiva da CGIACA (xuntanza do 17 de xullo de 2018).
- 10.** Acordo que proceda sobre a concesión de complementos a profesores como recoñecemento da excelencia curricular (convocatoria 2017), consonte avaliación positiva da CGIACA (xuntanza do 17 de xullo de 2018).
- 11.** Acordo que proceda sobre a concesión de complementos a profesores como recoñecemento ao labor docente e investigador (convocatoria 2017), consonte avaliación positiva da CGIACA (xuntanza do 25 de xuño de 2018).
- 12.** Rogos e preguntas.



*O presidente agradece a asistencia dos presentes, especialmente do vicerreitor don José María Martín Moreno que asiste en nome do Reitor, don Manuel J. Reigosa, a quen un compromiso de última hora lle impide estar presente.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.06.2018).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Don Ernesto Pedrosa fai unha sinopse das competencias e cometidos da Comisión Executiva, subliñando ademais a súa capacidade operativa e adaptabilidade para resolver asuntos de interese ou de certa urxencia.

#### **PUNTO 3**

*Evolución da expedición de títulos oficiais da Universidade de Vigo. Situación e perspectivas en setembro de 2018.*

O presidente explica que a Comisión está a facer dende 2014 un seguimento da entrega dos títulos oficiais que expide a Universidade de Vigo, ao detectarse un importante atasco que mantiña milleiros de títulos sen entregar, en algún período ata con catro anos de retraso. Engade que a implantación dunha serie de medidas dende a Xerencia propiciou unha progresiva melloría. E hoxe, catro anos despois, á vista do informe recibido e entregado aos membros da comisión, o procedemento implantado permitiu que se normalizase a situación e se rexistren tempos razoables entre que se solicita o título e se recibe. Don Ernesto Pedrosa dá por resolto este asunto e o seguimento efectuado dende o Consello Social.

#### **PUNTO 4**

*Informe que proceda sobre a proposta de modificación do título de Máster en "Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións".*

Comenta o vicerreitor que este Master interuniversitario quedou pendente da relación aprobada o pasado mes de xullo polo Pleno do Consello Social, debido a unha omisión do coordinador en Vigo, polo que se pediu a oportuna modificación do prazo para desenvolver a tramitación da proposta que agora se presenta, que xa foi aprobada en Consello de Goberno do 8 de outubro de 2018, e agora se somete ao criterio do Consello Social previa remisión á Xunta de Galicia.

Expóñense as modificacións que se producen e que o presidente resume, basicamente, en adecuar a denominación do título á formación impartida (para que os Egresados coñezan con maior facilidade o perfil formativo); e retocar programas dalgunhas materias, para darlles un maior grao de especialización e aumentar a empregabilidade dos Egresados. Non hai cambios no interese socioeconómico da titulación, que mantén o seu interese, pertinencia e oportunidade no SUG.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

#### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:*

- *II Curso complementario en "Deseño de aplicacións para dirección de operacións con Office Access"*
- *XVI Curso de formación en "Introdución á bolsa"*
- *I Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"*
- *I Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"*
- *V Curso complementario en "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"*



- *III Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"*

Explicada a dinámica que se segue dende a Comisión neste ámbito, e apuntados os aspectos que recolle a normativa o que lle compete ao Consello Social, a Comisión ACORDA:

- **Aprobar as taxas dos seguintes cursos:**

*II Curso en "Deseño de aplicacións para dirección de operacións con Office Access"; XVI Curso de formación en "Introdución á bolsa"; I Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"; I Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"; V Curso en "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"; III Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas".*

## **PUNTO 6**

*13. Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:*

- *I Curso de formación en "Industria conectada 4.0: Transformación dixital e novos modelos produtivos para a fábrica do futuro"*
- *I Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"*
- *I Curso de formación en "Modeling dynamics of populations in a changing world"*
- *V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"*

Informa o secretario das razóns de diferenciar entre aprobación e supervisión, en función da data de inicio dos cursos. Así mesmo lembra que todas as propostas completas están na Secretaría do Consello Social a disposición dos interesados. A Comisión ACORDA:

- **Ratificar as taxas dos seguintes cursos:**

*I Curso de formación en "Industria conectada 4.0: Transformación dixital e novos modelos produtivos para a fábrica do futuro"; I Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"; I Curso de formación en "Modeling dynamics of populations in a changing world"; V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria".*

## **PUNTO 7**

*Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:*

*a) Con aprobación previa do Presidente:*

- *VI Curso complementario en "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito"*
- *IV Curso complementario en "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"*
- *XVII Curso complementario en "Iniciación ao Autocad"*
- *VI Curso complementario en "Nivel medio de Autocad"*
- *II Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"*
- *IV Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"*
- *I Curso de formación en "Advanced trading"*

Visto o resumo que se entrega como documentación e no que se recollen os aspectos máis destacados das memorias presentadas, a Comisión ACORDA:

- **Informar favorablemente as seguintes memorias:**

*VI Curso en "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito"; IV Curso en "Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"; XVII Curso complementario en "Iniciación ao Autocad"; VI Curso complementario en "Nivel medio de Autocad"; I Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"; IV Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"; I Curso de formación en "Advanced trading".*



### **PUNTO 8**

*Aprobación, se procede, das tarifas dos servizos deportivos da Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.*

Informa don Ernesto Pedrosa sobre a proposta dos prezos para os distintos tipos de usuarios, os diferentes abonos das áreas de benestar, saúde e deporte, para actividades puntuais ou para competicións ou eventos e que inclúe as exencións e descontos xerais propostos, contemplados na Normativa de cesión de espazos aprobada polo Consello Social en marzo de 2018. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar a proposta.***

### **PUNTO 9, 10 e 11**

*Acordo que proceda sobre a concesión de complementos a profesores como recoñecemento polos cargos de xestión (convocatoria 2017), consonte avaliación positiva da CGIACA (xuntanza do 17 de xullo de 2018).*

*Acordo que proceda sobre a concesión de complementos a profesores como recoñecemento da excelencia curricular (convocatoria 2017), consonte avaliación positiva da CGIACA (xuntanza do 17 de xullo de 2018).*

*Acordo que proceda sobre a concesión de complementos a profesores como recoñecemento ao labor docente e investigador (convocatoria 2017), consonte avaliación positiva da CGIACA (xuntanza do 25 de xuño de 2018).*

O presidente da conta de forma conxunta da información contida nos tres puntos, referida á concesión de retribucións a profesores, ligadas a complementos de recoñecemento pola labor docente e investigadora (20 profesores); pola excelencia curricular (104 profesores); e polos cargos de Xestión (61 profesores), todos eles pertencentes á convocatoria de 2017. As valoracións dos profesores foron aprobadas pola Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA), dependente da ACSUG, en xuntanzas de 25 de xuño e 17 de xullo de 2018.

- ***A Comisión ACORDA autorizar a asignación.***

### **PUNTO 12**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas do 10 de outubro de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias